



MISA CON NENOS - 18 de nov. de 2018

Ordinario 33º B

Ev. de san Marcos 13,24-32: *"Sabede que el está preto, á porta".*

Mensaxe: Xesús chama á túa porta.



**Xesús chama
á túa porta.**

1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás:

Estamos achegándonos xa ao final do ano litúrxico antes de empezar o Advento. Nestes domingos previos, a nosa mirada diríxese ao final da historia e á plenitude de vida que nos promete Xesús con el no seu Reino. Cristo non quere enchernos de medo senón que confiemos nel, que manteñamos a esperanza porque as súas palabras nunca pasarán. El vén para o noso ben, vén encher o noso corazón de esperanza. Hoxe fixarémonos en que Xesús non para de chamar á nosa porta, ao noso corazón. Abrámoslle para que el habite en nós, sexa parte da nosa vida.

-Hoxe a igrexa celebra a 2ª Xornada mundial dos pobres co lema “amemos non de palabra senón con obras”. Teñámolos, pois presentes, na nosa oración e sobre todo na nosa vida.

(Saímos co cartel de Fano no que aparece Xesús chamando á porta do noso corazón, baseándonos na frase “Sabede que el está preto, á porta”).

SAÚDO SACERDOTE: Deus o noso Pai, que ten na súa mans o noso destino, sexa convosco...



2. PETICIÓN DE PERDÓN

(Sacerdote): *Polos nosos medos, desesperanzas, pedimos perdón.*

- **(Posible... pai-nai)** Ti, que nos coidas como un bo pastor. *Señor, ten piedade de nós.*
- **(Posible... catequista)** Ti, que nos curas como o mellor médico. *Cristo, ten piedade de nós.*
- **(Posible... neno-nena)** Ti, que nos queres como a mellor nai. *Señor, ten piedade de nós.*

4. PALABRA DE DEUS

MONICIÓN ÁS LECTURAS

Aos poucos achegámonos ao tempo de Advento que nos levará ao Nadal. As lecturas deste penúltimo domingo do Ano Litúrxico, fálannos do fin dos tempos, da vinda de Cristo e invítannos á vixilancia. Non nos podemos durmir. O Señor virá, o mundo desaparecerá e viviremos aqueles que, de verdade, creamos e esperemos en Deus. escoitemos atentamente.

LECTURAS

DANIEL 12, 1-3: *Entón salvarase o pobo*

Por aquel tempo levantarase Miguel, o gran príncipe que se ocupa dos fillos do teu pobo; serán tempos difíciles como non os houbo desde que houbo nacións ata agora. Entón salvarase o teu pobo: todos os que se atopan inscritos no libro. Moitos dos que dormen no po da terra espertarán: uns para vida eterna, outros para vergonza e ignominia perpetua. Os sabios brillarán como o fulgor do firmamento, e os que ensinaron a moitos a xustiza, como as estrelas, por toda a eternidade. *Palabra do Señor.*

SALMO 15 R/. Protéxeme, meu Deus, que me refuxio en ti.

HEBREOS 10, 11-14.18: *Cunha soa ofrenda perfeccionou definitivamente los que van sendo santificados.*

Todo sacerdote exerce o seu ministerio diariamente ofrecendo moitas veces os mesmos sacrificios, porque de ningún modo poden borrar os pecados. Pero Cristo, logo de ofrecer polos pecados un único sacrificio, está sentado para sempre á dereita de Deus e espera o tempo que falta ata que os seus inimigos sexan postos como estrado dos seus pés. Cunha soa ofrenda perfeccionou definitivamente os que van sendo santificados. Agora ben, onde hai perdón, non hai xa ofrenda polos pecados. *Palabra do Señor.*

MARCOS 13, 24-32: Reunirá os seus elixidos dos catro ventos.

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: *«Naqueles días, logo da gran angustia, o sol escurecerase, a lúa non dará o seu resplandor, as estrelas caerán do ceo, os astros cambalearanse.*

Entón verán vir ao Fillo do home sobre as nubes con gran poder e gloria; enviará aos anxos e reunirá aos seus elixidos dos catro ventos, desde o extremo da terra ata o extremo do ceo.

Aprendede desta parábola da figueira: *cando as ramas se poñen tenras e agroman as xemas, deducides que o verán está cerca; pois cando vexades vós que isto sucede, sabede **que el está preto, á porta.***

*En verdade vos digo que non pasará esta xeración sen que todo suceda. O ceo e a terra pasarán, **pero as miñas palabras non pasarán.***

En canto ao día e a hora, ninguén o coñece, nin os anxos do ceo nin o Fillo, só o Pai».

Palabra do Señor.

(Narrador- Xesús)

3. ORACIÓN DA COMUNIDADE

(Sacerdote): Ao Pai que é a fortaleza dos débiles e a luz para toda a humanidade, dicímoslle:

- Señor, que che abramos a porta á túa chamada.

- Ensínanos a vivir con esperanza confiando na túa palabra.

1.- Pola Igrexa para que sexa portadora de paz, de esperanza e confianza. Oremos.

2.- Polos pais e nais de familia, para que aprendan a amarse e sexan bos educadores dos seus fillos. Oremos.

3.- Polos que seguimos a Xesús que toca no noso corazón, para que o deixemos entrar e habite na nosa vida. Oremos.

4.- Polos que sofren os golpes da vida, para que confíen en Deus e compartamos con eles a vida. Oremos.



5.- Por todos nós, para que nunca perdamos a esperanza, sempre confiemos en Deus e nos fiemos da súa Palabra. Oremos.

6.- Pola nosa comunidade, para que coa mirada fixa no ceo sexamos testemuñas da vida que Cristo nos prometeu. Oremos.

7.- Para que nesta Xornada dos Pobres aprendamos “a amar o pobre loitando contra todas as pobrezaas espirituais e materiais”. Oremos.

(Sacerdote): Escoita, Pai, o que che acabamos de pedir, por XNS.

4. OFRENDAS

- BOLSAS OU CESTAS DAS OFRENDAS:

Con estas bolsas da colecta da 2ª Xornada dos Pobres queremos facer realidade a esperanza dos pobres e o amor a todos os que nos necesitan.

- CARA DE XESÚS:

Con este retrato de Cristo, queremos facer profesión da nosa fe: con Xesús sempre venceremos as dificultades da vida, o mal, e ata a morte. Xesús é o amigo que nunca falla se lle abro a porta da miña vida.



- PAN E VIÑO:

No altar poñemos o pan e o viño para que o Señor se faga presente neles e os converta no seu Corpo e no seu Sangue. Así seremos fortes e estaremos vixiantes á súa chegada.

7. SUXESTIÓNS:

-Saímos co cartel de Fano en que aparece Xesús chamando á porta do noso corazón, baseándonos na frase “Sabede que el está preto, á porta”. Tamén se pode unir a chamada á porta do noso corazón coa Xornada Mundial dos Pobres: Xesús chama á túa porta para habitar nel, escoita a súa chamada na voz dos pobres.

-Pódese repartir ao final unha tarxeta de visita co debuxo de Fano de hoxe coa seguinte inscrición: “Xesús chama á túa porta. Déixao entrar, deixa que habite na túa vida”.

Debuxamos ladrillos, un para cada neno, e pedímoslles que escriban nel o que van facer para construír o mundo novo mentres esperamos a vinda de Xesús, logo pínchannos nun panel. Mentres un neno le: “Mentres esperamos a volta de Xesús non queremos estar cos brazos cruzados, queremos construír un mundo mellor, por iso ofrecemos estes ladrillos onde escribimos aquilo no que imos colaborar na construción dun mundo novo, o Reino de Deus”.

Abrindo horizontes



Contratempos?

Dor?

Preocupacións?

Dificultades?

Enfermidade?

Sufrimento?

Desesperanza?

Parar golpes?

**As situacións límite axúdannos a abrir horizontes,
novos enfoques
e novos camiños.**

**Deus, a través da súa Palabra
ensánchanos o horizonte.**

**Ábrelle o teu corazón, déixao pasar.
Verás como te transforma
coa súa luz, calor e vida.**



"O ceo e a terra pasarán, as miñas palabras non pasarán".

<https://www.youtube.com/watch?v=SSXSuKoJ6hY>

POSIBLE ORACIÓN DE GRAZAS

Gracias, Señor

Qué tengo yo, que mi amistad procuras?
¿Qué interés se te sigue, Jesús mío,
que a mi puerta, cubierto de rocío,
pasas las noches del invierno oscuras?

¡Oh, cuánto fueron mis entrañas duras,
pues no te abrí! ¡Qué extraño desvarío,
si de mi ingratitud el hielo frío
secó las llagas de tus plantas puras!

¡Cuántas veces el ángel me decía:
«Alma, asómate ahora a la ventana,
verás con cuánto amor llamar porfía»!

¡Y cuántas, hermosura soberana,
«Mañana le abriremos», respondía,
para lo mismo responder mañana!

**FELIZ DOMINGO, DÍA DEL SEÑOR.
RED CATEQUISREDRREEE TAS GALICIA**